



Concello do Porriño

Concello do Porriño  
TABOLEIRO DE EDICTOS MUNICIPAL

DOCUMENTO:

Data inicial de exposición: 06-07-2021

Data final de exposición: 09-07-2021

O Porriño, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

**CONVOCATORIA E BASES DA SELECCIÓN DEFINITIVA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL A TEMPO COMPLETO DUNHA PEÓN/PEOA FORESTAL AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL 2021). Código de procedemento TR351G.**

**1ª. OBXECTO.**

De conformidade coa Orde do 12 de abril de 2021 da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2021, publicado no DOGA número 73, do 20/04/21); e da resolución da xefa territorial de Pontevedra desa Consellería, recibida en data 28/06/21, número de expediente TR351G2021/044-5-5, pola que se outorga unha subvención ao Concello do Porriño para a selección e contratación na modalidade laboral temporal con cláusula específica de traballo de interese social, de 1 peón/peoa forestal, a xornada completa, durante un período de 9 meses, para a realización do servizo denominado "APROL RURAL 2021", que responde a necesidades urxentes e inaprazables.

En consecuencia, elabóranse as presentes bases que teñen por obxecto regular a **urxente selección definitiva**, de entre as persoas desempregadas non ocupadas e que estean dispoñibles para o emprego, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que figuren na relación dos/as demandantes preseleccionados/as e remitidos pola oficina pública de emprego do Porriño, previa remisión de solicitude de oferta de emprego, logo da pertinente sondaxe de demandantes seguindo os requisitos estipulados no artigo 14 da orde de 12/04/21; para contratación do/a peón/peoa forestal dentro do servizo "APROL RURAL 2021", para a realización de tarefas de limpeza, desbroce e traballos preventivos nos montes, vías, marxes de pistas, áreas cortafogos, camiños e estradas de titularidade municipal.

**2ª. LIMITE NA PARTICIPACIÓN DESTA CONVOCATORIA.**

Non poderán participar nesta convocatoria, quedando excluídos/as automaticamente da mesma, as persoas que nun período de trinta meses foran contratadas polo Concello do Porriño durante un prazo ao que sumado a totalidade ou parte do tempo desta contratación puidera resultar máis de 24 meses, con ou sen solución de continuidade, para o mesmo ou diferente posto de traballo, mediante dous ou máis contratos temporais (*que non sexan contratos formativos, de relevo ou interinidade*), sexa directamente ou a través da súa posta a disposición por empresas de traballo temporal, coas mesmas ou diferentes modalidades contractuais de duración determinada, de conformidade co disposto na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no Estatuto dos Traballadores aprobado por Real Decreto Legislativo 1/1995, de 24 de marzo e no Real Decreto-Lei

**Concello do Porriño**

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579

Eva García de la Torre (1 para 1)  
A cadreira do Porriño  
Data: 07/07/2021  
SHA-1: 808a4c59598a855771c09894c5b66fb



Cod. Validación: 9KR29EHCQY457EL744XZ7R3NF | Corrección: https://oporriño.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 11